

## **O XERENTE DE TRÁMITE E DOS TRÁMITES**

O xerente actual, Augusto Viso Alonso, foi durante moitos anos o xerente de trámite, o xefe de servizo que pola súa antigüidade na administración cubría as ausencias ou as vacacións das persoas que o precederon, de feito a súa sinatura está estampada no último Convenio Colectivo das Universidade Públicas Galegas e no primeiro da Universidade de Vigo. Seguramente foi durante estes períodos cando lle debeu coller gusto ao cargo pois, tras a repentina marcha de Xulio Taboada, non dubidou en ocuparse provisionalmente desta responsabilidade ata que o reitor, falto de candidatos e de proxecto, e nunha aposta clara pola inmovilismo pasouno, da suplencia a titularidade.

O descoñecemento que o actual xerente ten de tódolos temas relacionados con persoal fixo que nun tempo mínimo estragara todo o capital que nesta área acumularon os seus predecesores. A falta de proxecto e estratexia, o seu descoñecemento do traballo e compromisos acadados en períodos anteriores, e seu desinterese e incapacidade por poñerse ao día, levouno a actuar neste eido con absoluta ignorancia e altas doses de inxenuidade sendo incapaz de resolver importantes asuntos de persoal e recursos humanos e, especialmente, os que atinxen ao persoal laboral, sempre máis diversos e complexos, asuntos nos que, malia levar máis de tres anos no cargo, segue a ser un profano.

É certo que unha vez máis non existiu boa conexión entre os responsables dos servizos relacionados con esta área e o xerente. Estas discrepancias non son novas e dan conta das dificultades que temos os órganos de representación para chegar a acordos e que estes sexan executados. Os xefes de servizo non queren participar na toma de decisións que poidan ser designadas como políticas e, malia que o nome que os define poida indicar outra cousa, o certo é que son máis técnicos cualificados que xeradores de propostas ou de estratexias. Distintas circunstancias profesionais e políticas, das que eles non son os únicos responsables, os levaron a entender deste xeito o desempeño dos seus postos.

Tampouco contou cunha estrutura xerencial que o apoiara para poder cumprir tódolos cometidos e o axudaran a realizar con solvencia tódalas obrigas e funcións inherentes ao cargo. Como xa acontecera con Xulio Taboada no primeiro encontro que a nosa Sección Sindical tivo con el o primeiro que lle dixemos foi que se fornecera de vixexerentes porque non ía dar avío. Non fixo caso e así lle foi. Agora parece que xa entenderon a mensaxe e quen o suceda terá por fin estrutura. De ser así sería un dos escasos froitos desta etapa.

A inxerencia do resto do equipo de goberno na xestión e na administración, é outra característica deste mandato. Nunca se chegou tan lonxe. Unha cousa leva a outra. Ao non ter capacidade nin autoridade para resolver moitos dos asuntos que lle son propios renunciou a ocuparse de certas áreas facilitando así a inxerencia doutros nos asuntos que son da súa competencia. Os cambios na RPT nos servizos informáticos (co voto favorable da CIG), a incorporación da OFOE á Fundación Universidade de Vigo e os acordos acadados pola Xunta de persoal funcionario co vicerreitor de investigación (promovidos tamén polos abandeirados de *"a xestión é nosa"*) son exemplos do que estamos a sinalar.

Augusto Viso Alonso, comezou sendo o xerente de trámite e rematará o seu mandato sendo un xenuíno xerente de trámites que dedica a maioría do seu tempo ao que mellor sabe facer: resolver formalidades, facer dilixencias e asinar os documentos que outros lle poñen diante. Non era este o perfil que esta universidade necesitaba. O seu fracaso é tamén o fracaso do reitor, a persoa que o nomeou e responsable, así mesmo, deste período infructuoso. El, o reitor anda máis atento a ser noticia de prensa ou a promoverse para os cargos da CRUE que a buscarlle solución aos problemas domésticos. Parece coma se de tanto mirar para Boloña perdera a perspectiva do máis próximo e só lle interesasen os asuntos que lle dan sona e rendemento mediático, pois fai tempo que ten descoidada a xestión universitaria e ata nos da a impresión que, nesta área, lle interesa máis o estancamento e a *paz social a calquera prezo* que a eficacia e a calidade. A un ano do remate do seu segundo mandato pouco tempo lle queda para, se quere, rectificar e converter a administración desta universidade, centrada actualmente no papelexo e nos trámites, nunha administración de obxectivos e verdadeiramente de calidade.